

VIII CONVOCATORIA DE PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

1. OBXECTIVOS

A USC a través da Vicerreitoría de Oferta Docente e Espazo Europeo de Educación Superior convoca a VIII Convocatoria de Proxectos de Innovación Educativa para a realización de proxectos orientados á mellora da calidade da docencia por medio da integración das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC). Nesta convocatoria tamén participan as Vicerreitorías de Calidade e Planificación, de Profesorado e Organización Académica e de Coordinación do Campus de Lugo

A finalidade da convocatoria é promover a integración das tecnoloxías en proxectos innovadores que desenvolvan métodos mais flexibles, propostas didácticas para aprendizaxe autónoma do alumno, adecuación aos contextos da práctica, xeración de materiais didácticos que fagan uso das TIC, converxentes coa concepción do ensino universitario que adopta o Sistema Europeo de Transferencia de Créditos (ECTS).

O resultado final dos proxectos deberá ser a produción dos materiais, e os procedementos necesarios para que os alumnos das materias regradas poidan realizar e verificar a súa aprendizaxe a través do Campus Virtual da USC.

Os proxectos deben ir dirixidos a desenvolver experiencias baseadas na web, empregando os recursos do Campus Virtual da USC, en catro liñas de actuación diferentes:

Liña de actuación A

Formación regrada de primeiro, segundo ciclo, grao e materias de nivelación.

As accións neste ámbito buscarán unha mellor integración das tecnoloxías da información e a comunicación como soporte á docencia presencial, potenciando a autoaprendizaxe e o traballo colaborativo do alumno, así como o labor tutorial do profesor diminuíndo as barreiras espazo-temporais entre o alumno e o profesor.

Consideraranse accións prioritarias nesta liña de actuación, os proxectos que impliquen o desenvolvemento das materias troncais das titulacións, materias de nivelación e de libre configuración totalmente virtuais e os cursos virtuais de habilidades curriculares básicas.

Liña de actuación B

Formación regrada: Terceiro Ciclo e Programas Oficiais de Posgrao

Neste ámbito, a finalidade das accións será a planificación e o desenvolvemento dun programa de doutoramento ou POP, promovendo a innovación e a calidade nos métodos docentes con apoio das tecnoloxías da información e a comunicación.

Nesta segunda liña de actuación consideraranse prioritarios os proxectos nos que os programas de terceiro ciclo sexan totalmente virtuais ou polo menos un 50% virtuais.

Liña de actuación C

OCW@USC

A finalidade das propostas será participar no espazo OpenCourseWare da USC (<http://ocw.usc.es/>) con materias de formación regrada de primeiro, segundo ciclo e grao.

Liña de actuación D

Actividades de innovación sen axuda económica

A finalidade desta liña de actuación é dar un recoñecemento a aquelas actividades mellora e innovación docente que, polas súas características, non precisan orzamento.

Liña de actuación E

Actividades vinculadas a posta en marcha dos novos graos

Nesta liña terán cabida as propostas que teñan como obxectivo analizar os resultados da adopción dos novos graos.

2. DURACIÓN

A subvención dos proxectos terá unha duración distinta segundo cada unha das liñas de actuación:

Na liña de actuación A, C, D e E: curso 2008-09

Na liña de actuación B: curso 2008-09, 09-10 (no caso dos Máster segundo a súa duración)

3. DESTINATARIOS

Poderán presentar Proxectos de Innovación Educativa, a título persoal ou dentro dun grupo, calquera membro do cadro docente da USC que cumpra cos requisitos estipulados para cada unha das liñas de actuación. Aqueles proxectos que así o aconsellen poderán solicitarse dende un Departamento, Facultade ou Escola.

No caso de grupos de docentes, o proxecto será presentado pola persoa encargada da coordinación do mesmo, que deberá ser docente da USC a tempo completo.

4. REQUISITOS DOS PROXECTOS

Comúns a todas as liñas de actuación:

1. A temática estará en consonancia coas bases desta Convocatoria e se dirixirá á mellora da calidade da docencia por medio das tecnoloxías da información e as comunicacións.
2. A presentación da memoria da experiencia dos proxectos subvencionados en convocatorias anteriores¹.
3. O proxecto deberá contar co visto e prace do director/a do Departamento correspondente.
4. Os partícipes nos proxecto deberán estar no P.O.D. da/s materia/s incluída/s no mesmo.

Específicos para as liñas de actuación A e B

- A/s materia/s incluídas no proxecto non pode/n ter obtido axudas en máis dunha convocatoria previa.
- Non se poderá coordinar máis de un proxecto nas liñas A e B.
- Non se poderá participar en máis de dous proxectos das liñas A e B
- Os proxectos, preferentemente, involucrarán a tódolos docentes da materia. No caso de presentar un proxecto no que non se inclúa a todos os grupos da materia, ou a todos os docentes da mesma, deberanse xustificar os motivos.
- Non se poderán presentar proxectos que se refiran só a unha parte da materia.
- Unha mesma materia non se pode presentar a varios proxectos.

Específicos para a liña de actuación C

- Os materiais docentes deberán ser de creación propia e non poderá estar limitada a súa difusión por cuestións relativas á propiedade intelectual.
- Os materiais representarán un conxunto de recursos (documentos, guía docente, exercicios,...) utilizados no proceso de ensino-aprendizaxe da materia que se imparte
- Permitirase o uso, a reutilización, a adaptación e a distribución por outros dos materiais, coas limitacións establecidas pola licenza empregada pola USC no seu espazo web OCW (Recoñecemento - Non comercial - Compartir igual).
- Asinar, á entrega do material para a súa publicación, o contrato de participación no proxecto OCW.

¹ A efectos desta convocatoria, considerase que se ten obtido una subvención previa se algunha das materias vinculadas a proposta ten sido incluída en anos anteriores ou se, a lo menos, o 25% dos docentes asinantes do proxecto teñen participado en convocatorias anteriores.

Específicos para a liña de actuación D

- Non se poderá participar en máis de dous proxectos da liña D.
- Poderanse presentar proxectos que atinxan a só unha parte da materia.
- A instalación de software específico, de ser o caso, cinguirase ao disposto nas distintas normativas da USC neste eido (normativa de protección de datos e uso das TIC e normativa do Campus Virtual da USC).

Específicos para a liña de actuación E

- Os proxectos involucrarán a tódolos docentes da materia e a todo o alumnado da mesma.
- Non se poderán presentar proxectos que se refiran só a unha parte da materia.

5. CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

A selección dos proxectos realizarase conforme ás bases desta Convocatoria, tendo en conta os seguintes criterios valorativos:

Liñas A e B

- Que se ofrezan propostas metodolóxicas concretas que favorezan a aprendizaxe autónoma e significativa.
- Que contemple no seu desenvolvemento a participación activa do alumnado.
- Que potencien o papel do/a docente como orientador/a da aprendizaxe do alumnado.
- Que potencie o emprego daqueles recursos didácticos (audiovisuais, simulacións, etc) que propicien un ensino máis activo e motivador.
- A amplitude do ámbito de aplicación e o carácter interdisciplinar do proxecto.
- Número de materias implicadas.
- Que se fomente o traballo colaborativo do profesorado.
- Que implique a implementación dos ECTS (no caso de materias de primeiro e segundo ciclo).
- Orixinalidade e viabilidade do proxecto.
- Coherencia do orzamento do proxecto.
- Número de propostas provintes dun mesmo departamento.

Liña C

- Amplitude e diversidade do material docente proposto.
- Durabilidade do material proposto.

Liña D

- Que se ofrezan propostas metodolóxicas concretas que favorezan a aprendizaxe autónoma e significativa.
- Que contemple no seu desenvolvemento a participación activa do alumnado.
- Que potencie o papel do/a docente como orientador/a da aprendizaxe dos alumnado.

- Que potencie o emprego daqueles recursos didácticos (audiovisuais, simulacións, etc) que propicien un ensino máis activo e motivador.
- A amplitude do ámbito de aplicación e o carácter interdisciplinar do proxecto.
- Que se fomente o traballo colaborativo do profesorado.
- Que implique a implementación dos ECTS.
- Orixinalidade e viabilidade do proxecto.

Liña E

- Que se ofrezan propostas metodolóxicas concretas que favorezan a aprendizaxe autónoma e significativa.
- Que potencie o papel do/a docente como orientador/a da aprendizaxe do alumnado.
- Que facilite referencias obxectivas do proceso de adaptación aos ECTS.
- Orixinalidade e viabilidade do proxecto.

6. SOLICITUDES

Quen desexe participar no proceso de selección deberán facelo constar por escrito, mediante solicitude dirixida ao Vicerreitor de Oferta Docente e Espazo Europeo de Educación Superior (Anexo correspondente á liña de actuación).

Para seren admitidos/as ó procedemento de selección os/as aspirantes manifestarán na súa solicitude que reúnen todos e cada un dos requisitos e condicións de acceso esixidas, referidas á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de solicitudes.

A presentación da solicitude implica a total aceptación das bases por parte de cada solicitante.

7. DOCUMENTACIÓN

Ademais da instancia de solicitude, os aspirantes deberán presentar a seguinte documentación para participar no proceso selectivo:

1. Deseño do proxecto de innovación educativa (segundo se detalla nos anexos) xustificando as decisións e propostas en cada un dos apartados correspondentes.
2. Se recibiron subvencións noutras convocatorias, memoria da experiencia dos proxectos subvencionados en convocatorias anteriores.
3. Cando o proxecto comporte o emprego de recursos do Departamento e/ou do Centro, a solicitude deberá acompañarse da conformidade do seu Director/Decano. Non serán necesarios os acordos do Departamento e do Centro no momento da presentación das solicitudes. No caso de que o proxecto sexa aprobado, deberá ser posteriormente ratificado polo Consello de Departamento e a Xunta de Centro.

8. PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN

As solicitudes dirixiranse ao Vicerreitor de Oferta Docente e Espazo Europeo de Educación Superior da USC, no prazo **do día 1 ata o 12 de setembro de 2008**.

A presentación de solicitudes farase **no Rexistro Xeral da USC**, situado no Reitorado da USC (Colexio de San Xerome. Praza do obradoiro s/n, Santiago de Compostela) e no Rexistro do Campus de Lugo, situado no edificio de Servizos Administrativos da Biblioteca intercentros (Avda. de Bernardino Pardo Ouro s/n, Fingoi-Lugo).

Para participar nesta convocatoria é **imprescindible enviar unha copia en formato electrónico (RTF ou PDF) da documentación presentada no Rexistro** á dirección de correo electrónico: ceta@usc.es.

9. LUGAR DE NOTIFICACIÓN DOS ACTOS DERIVADOS DA PRESENTE CONVOCATORIA

De conformidade co artigo 59.5.b) da Lei de Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común as sucesivas comunicacións efectuaranse nos taboleiros de anuncios do Reitorado (Santiago) e na Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo, sen prexuízo da súa publicación complementaria en medios electrónicos.

10. ADMISIÓN DE SOLICITUDES

A Comisión de Selección publicará, nos 5 días seguintes despois de finalizado o prazo de presentación de solicitudes, nos taboleiros de anuncios da Reitoría (Santiago), na Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo e na páxina web do CeTA (<http://www.usc.es/ceta/pie>), a relación de aspirantes admitidos e excluídos.

Para emenda-los defectos da publicación anterior os aspirantes non admitidos e excluídos poderán xustificar o seu dereito a ser admitidos, no prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación, quedando excluídos definitivamente de non facelo.

11. COMISIÓN DE SELECCIÓN E SEGUIMENTO

A Comisión de Selección e Seguimento, estará composta polo Vicerreitor de Oferta Docente e Espazo Europeo de Educación Superior, que actuará como Presidente, un representante da Dirección do CeTA, que actuará como secretario, a Vicerreitora de Profesorado e Organización Académica, ou persoa en que delegue, a Vicerreitora de Calidade e Planificación, ou persoa en que delegue, o Vicerreitor de Coordinación do Campus de Lugo, ou persoa en que delegue, e tres docentes a tempo completo da USC que actuarán como vocais.

Os aspirantes poderán formular causas de abstención e recusación contra os membros nomeados no xeito establecido nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

A función da Comisión de Selección e Seguimento da presente Convocatoria será regular todo o relativo á mesma, e en particular:

- Seleccionar os proxectos de innovación.
- Definir os medios técnicos necesarios para apoiar cada un dos proxectos seleccionados.
- Garantir o apoio ós profesores e ós servizos na utilización dos medios técnicos.

O Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe (CeTA) será o servizo encargado de aportar apoio técnico, na medida das súas posibilidades, para a produción do material, tanto polo que se refire á plataforma tecnolóxica WebCT como a outras aplicacións informáticas necesarias para a produción dos materiais, e aloxamento dos materiais nos servidores de Campus Virtual da USC.

12. SELECCIÓN

O proceso de selección constará de unha única fase de valoración dos proxectos presentados. A comisión xulgadora levantará acta na que consten os acordos acadados e o resultado das valoracións.

Finalizada a fase de valoración, a Comisión de Selección elaborará unha proposta de resolución que fará pública nos taboleiros de anuncios do Reitorado (Santiago) e na Vicerreitoría de Coordinación do Campus de Lugo e na paxina web do CeTA.

13. FINANCIAMENTO

A partida específica dos presupostos da USC destinada a financiar a “VIII Convocatoria de Proxectos de Innovación Educativa” é de 30.000 euros. O procedemento tramitarase no servizo da OIT.

A cantidade máxima que se poderá solicitar por proxecto será:

Liñas A e B (orzamento inicial: 18.000)

- Ata un máximo de 2.000 euros para unha materia
- Ata un máximo de 4.500 euros no caso de varias materias.

A comisión de Selección e Seguimento terá en conta o número de proxectos que proveñan dun mesmo departamento.

As cantidades concedidas poderanse dedicar a material inventariable e material funxible.

Para contribuír a súa efectiva realización, os Centros e Departamentos poderán colaborar ao financiamento con fondos propios. Nestes casos valorarase a cofinanciación na selección dos proxectos.

Liña C (orçamento inicial: 6.000)

- Ata un máximo de 200 euros por autor en cada materia publicada no espacio OpenCourseWare da USC.
- número máximo de proxectos a subvencionar será de 20.

A cantidade concedida ingresarase, tras a súa publicación, na partida orzamentaria que indique o/s autor/es.

Liña D

Os proxectos presentados ao abeiro da liña de actuación D, recibirán a correspondente acreditación unha vez entregado o informe valorativo correspondente.

Liña E (orçamento inicial:6.000)

- Ata un máximo de 1.500 euros para unha materia
- Ata un máximo de 3.000 euros no caso de varias materias.

(a comisión de Selección e Seguimento terá en conta o número de proxectos que proveñan dun mesmo departamento)

As cantidades concedidas poderanse dedicar a material inventariable e material funxible.

Para contribuír a súa efectiva realización, os Centros e Departamentos poderán colaborar ao financiamento con fondos propios. Nestes casos valorarase a cofinanciación na selección dos proxectos.

A Comisión poderá distribuír os fondos sobrantes, de ser o caso, nalgunha das liñas propostas entre as restantes.

14. MEMORIA DA EXPERIENCIA

Os coordinadores responsables dos proxectos seleccionados deberán entregar, antes do remate do 25 de xullo de 2009, un informe valorativo do mesmo -no que se especifique o grao de cumprimento da actividade-, así como unha memoria económica que inclúa unha desagregación dos gastos efectuados e a copia da partida orzamentaria. A non presentación desta memoria implicará o reintegro dos fondos recibidos.

A documentación referida deberá ser dirixida o Secretario/a da Comisión de Selección e Seguimento e presentada nos Rexistros da Universidade ou mediante calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, sendo tamén

imprescindible enviar unha copia dos mesmos en formato electrónico (RTF ou PDF) ao enderezo de correo electrónico: ceta@usc.es.

15. MATERIAIS ELABORADOS NOS PROXECTOS

Os materiais didácticos creados nos proxectos subvencionados deberán estar dispoñibles no Campus Virtual da USC durante un mínimo de tres anos académicos, sen prexuízo das melloras que se poidan realizar nos mesmos.

Aqueles proxectos da liña de actuación D e E que, pola súa natureza, non xeneren materias didácticos que non podan estar dispoñibles no Campus Virtual, deberán aportar un informe valorativo da experiencia dunha extensión mínima de 5 folios e máxima de 10 (DIN A4) e nunha soa cara que será publicado na web do CeTA.

16. XORNADAS DE INTERCAMBIO E PUBLICACIÓN DOS PROXECTOS

O CeTA organizará no primeiro cuadrimestre do curso académico 2009-2010 unhas xornadas de intercambio de experiencias nas que se presentarán os resultados da convocatoria nas liñas A, B, D e E.

Nestas xornadas, aqueles proxectos que a Comisión de Selección e Seguimento considere especialmente relevantes serán presentados polos responsables dos mesmos. Estes proxectos poderán ser incluídos de xeito automático na Convocatoria dos Premios a Innovación Educativa na Universidade, sempre e cando se cumpran coas condicións establecidas nas súas bases.

Asemade, publicarase na web do CeTA a valoración das experiencias realizadas. Para elo, a coordinación do proxecto comprometerase a presentar, agás os proxectos pertencentes as liñas de actuación D e E que non produzan materiais didácticos, un resume do informe valorativo do proxecto para a súa edición. Presentaranse preferentemente en galego, e terán unha extensión mínima de 2 folios e máxima de 5 (DIN A4) e nunha soa cara.

A presentación a convocatoria implicará a cesión dos dereitos de edición por un período de dous anos así como a renuncia aos dereitos de autor correspondentes a unha primeira edición.